

9 Noviembre de 2015 - Revista 1046

Revista Semanal

da Rede Galega de Información Xuvenil



xuventude.net

EN PORTADA / 2

NOVAS FORMACION / 6

BOLSAS E AXUDAS / 8

PREMIOS E CONCURSOS / 9

NOVAS DE EMPREGO / 11

NOVAS DAS CASAS DA XUVENTUDE E OMIX / 13

EN PORTADA

Un total de 44 mozos e mozas de Portugal, Hungría, Letonia, Italia, Grecia e España participan no proxecto europeo de mobilidade xuvenil 're-visión da participación'

Mercres, 04 Novembro 2015 15:35

- O programa, liderado pola Asociación Cultural, Deportiva e Xuvenil Ser, ten por finalidade achegar aos participantes a responsables políticos autonómicos, provinciais e locais
- Galicia está entre as Comunidades Autónomas máis activas en canto a proxectos e participación en Erasmus+: Xuventude en Acción, con 36 iniciativas aprobadas nas que participarán máis de 1.100 mozos e mozas



Galicia acolle dende hoxe e ata o vindeiro luns, **día 9**, o proxecto de mobilidade xuvenil "**Re-visión da participación**", que reúne a 44 mozos e mozas e oito responsables na toma de decisións no eido da xuventude de seis países europeos: Portugal, Hungría, Letonia, Italia, Grecia e España. A *directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez*, reuniuse hoxe na praza de Fonseca cos participantes desta iniciativa, que é unha das dúas aprobadas na Comunidade Autónoma nas dúas primeiras quendas de 2015 no marco do **proxecto Acción Clave 3**, apoio á reforma política, do programa **Erasmus+: Xuventude en Acción**. En concreto, **Acción Clave 3** promove a participación activa da mocidade na vida democrática e fomenta o debate en torno aos temas e prioridades establecidos polo diálogo estruturado e o marco político renovado no ámbito da xuventude.

Esta iniciativa, liderada pola *Asociación Cultural, Deportiva e Xuvenil Ser*, fomenta a mobilidade xuvenil a través de actividades vinculadas ao diálogo estruturado coa finalidade de achegar aos mozos e mozas aos políticos do seu contorno. Deste xeito, durante sete días os participantes terán a oportunidade de poñer en práctica os principios do diálogo estruturado a través de encontros con responsables políticos de tres niveis: autonómico, provincial e local. O proxecto, dunha duración total de seis meses, inclúe tres tipos de actividades: unha consulta en liña sobre o grado de implicación e participación da xuventude na sociedade, a percepción da clase política e as problemáticas existentes; un seminario transnacional, co obxecto de analizar os resultados da consulta e promover o diálogo estruturado en diversas temáticas de actuación da Unión Europea: empregabilidade, tolerancia e igualdade de xénero, entre outras; e a explotación e difusión dos resultados.

Celia Vázquez destacou que "a mobilidade promove maiores oportunidades de aprendizaxe, de cidadanía, de inclusión social e solidariedade, e reforza vínculos entre os mozos e mozas participantes". "A participación en proxectos de educación non formal facilita a adquisición de competencias, aptitudes e habilidades que axudarán ao desenvolvemento persoal, educativo e profesional da mocidade", engadiu.

Elevada participación

Erasmus+ é o programa da Unión Europea para a educación, a formación, a xuventude e o deporte que está en vigor dende o **1 de xaneiro de 2014** ata o **31 de decembro de 2020**. O capítulo de **Xuventude** fomenta a mobilidade dentro e fora dos límites da Unión Europea, a aprendizaxe non formal e o diálogo intercultural; e tamén apoia a empregabilidade e a inclusión de todos os mozos e mozas independentemente do contexto social, educativo ou cultural ao que pertencen.

A nosa *Comunidade Autónoma* é unha das máis activas tanto en número de proxectos presentados e aprobados como nos fondos recibidos da Unión Europea. Así, nas dúas primeiras quendas do ano 2015 no marco deste programa europeo foron aprobados en Galicia un total de 36 proxectos nos que se estima que participarán 1.198 mozos e mozas e cun orzamento total de 890.257,96 euros, sen prexuízo dos proxectos aprobados noutros países europeos e nos que organizacións e mozos e mozas galegos participan activamente. Segundo indicou a *directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado* "este alto índice de participación pon de manifesto a iniciativa da mocidade galega en temas de mobilidade e participación activa en todas as actuacións que teñan que ver coa adquisición de competencias mediante a aprendizaxe non formal".

Así mesmo, recordou que ao abeiro da *Orde da Consellería de Traballo e Benestar* do **26 de febreiro de 2015**, da participación no programa **Erasmus+: Xuventude en Acción** se deriva o dereito á expedición dun certificado de educación non formal en materia de xuventude coa que se lle da visibilidade á aprendizaxe non formal adquirida e se validan as competencias asumidas. O obxectivo é contribuír así á mellora das posibilidades de emprego da mocidade galega.

O certame 'Xuventude Crea' avanza na decisión dos gañadores das súas once especialidades coa celebración das finais de teatro, en Outes, e de moda, en Vigo

Mercres, 04 Novembro 2015 17:41

- Os seis grupos finalistas son *Caruncho Teatro da Coruña*, coa obra "Canobacho do Pierrock"; *Pinchacarneiro Teatro, de Noia*, con "Vilar de inferno"; *Trasluz Teatro, de Salvaterra do Miño*, que representará "A tres niveis"; *Non si? Teatro, Baiona*, que porá en escena "Variacións dun soño sen título"; *Fusco e Lusco Teatro, do IES Universidade Laboral de Ourense*, con "Vodas de sangue"; e *Vacaloura teátrica do Rosal*, co título "Mousike e as kronomusas"
- Os premios serán 3.000 euros para os gañadores; 1.500 euros para os segundos; e 1.000 euros para os terceiros. Os premios poden ser compartidos. E, por outra banda, tamén se poden outorgar mencións de honra, sen dotación económica
- A *directora xeral* asistirá no día de mañá á exposición das coleccións finalistas da especialidade de moda que terá lugar nas tendas de *El Corte Inglés de Vigo*
- Ademais da final de teatro e da de moda, ao longo do mes de novembro terán lugar as finais das especialidades de deseño de xoias, música, fotografía e artes plásticas



A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, asistiu hoxe en Outes á primeira xornada da fase final da especialidade de **teatro de Xuventude Crea**, o certame da Consellería de Política Social que ten por finalidade establecer unha vía para que a mocidade poida manifestar o seu talento e creatividade. A Casa da Cultura de Outes acolle ata o venres as actuacións dos seis grupos teatrais finalistas desta especialidade do certame. As representacións descenderán dúas por día, unha ás 17.00 e outra ás 20.30 horas, sendo a entrada de balde, ata completar aforo. Seguindo a serie das once disciplinas do **Xuventude Crea 2015** que van resolvendo os seus gañadores, a directora xeral asistirá no día de mañá á exposición das coleccións finalistas da especialidade de moda que terá lugar nas tendas de *El Corte Inglés de Vigo*.

No que atinxe á modalidade teatral, na xornada de hoxe actúan *Caruncho Teatro da Coruña*, coa obra '**Canobacho do Pierrock**'; e **Pinchacarneiro Teatro**, de Noia, con '**Vilar de inferno**'. Mañá xoves, representarán a obra '**A tres niveis**' o **grupo Trasluz Teatro**, de Salvaterra do Miño; e **Non si? Teatro**, de Baiona porá en escena '**Variacións dun soño sen título**'. Esta fase final pecharase o venres coa obra '**Vodas de sangue**' a cargo de **Fusco e Lusco Teatro**, do IES Universidade Laboral de Ourense; e '**Mousike e as kronomusas**', de **Vacaloura teátrica** do Rosal.

Cecilia Vázquez destacou que "dende a Consellería de Política Social apostamos polo desenvolvemento dos mozos e mozas, polo establecemento de mecanismos de respaldo á creatividade da xuventude e por converter este certame nunha plataforma de lanzamento para amosar os seus proxectos creativos". Así mesmo, lembrou que "o certame Xuventude Crea pretende crear un espazo para que as mozas e mozos poidan exercer as súas habilidades, poñer en marcha e ensaiar solucións innovadoras, valorar o exame crítico das obras e outorgarlles visibilidade".

Once especialidades

Ademais da final de teatro, no día de mañá a directora xeral asistirá á exposición das coleccións finalistas da especialidade de moda que terá lugar nas tendas de *El Corte Inglés de Vigo*. Trátase de cinco coleccións compostas por cinco pezas cada unha delas confeccionadas por cinco mozas: '**Militante vanguardista**' de **Yolanda Román Vázquez**, de Vigo; '**Jane Rocks**' de **Irene Muíños Pereira**, de Mos; '**#Tags for life**' de **Iria Carrera Chapela**, de Vigo; '**Gala, Galuska, Gradiva**' de **Thalita Kumy Dumont Copero**, de Vigo; e '**Galaxia**' de **Inés Rivera de la Vega**, da Coruña.

O certame '**Xuventude Crea**' convoca cada ano concursos en once especialidades: teatro, música, artes plásticas, fotografía, deseño de xoias, banda deseñada, relato breve, poesía, moda, videocreación e graffiti. Na edición de **2015 de Xuventude Crea** presentáronse un total de 228 proxectos individuais e en grupo. Participaron máis de 300 mozos e mozas galegos ou en residentes en Galicia, non profesionais e con idades comprendidas entre os 16 e os 30 anos.

Ao longo deste mes de novembro terán lugar as finais das especialidades de deseño de xoias, música, fotografía e artes plásticas que se sumarán ás xa decididas nas disciplinas de poesía e graffiti, así como a de teatro que está en marcha ata o venres. Deste xeito, o vindeiro xoves **12 de novembro** terá lugar a actuación en directo dos grupos finalistas de música; a **Fundación Eugenio Granell** en Santiago acollerá a exposición das coleccións finalistas da especialidade de deseño e xoias; e, por último, a Igrexa da Universidade de Santiago de Compostela acollerá a mostra dos traballos finalistas de artes plásticas (pintura e escultura) e fotografía.

VII EMAX Encontro mostra asociativa xuvenil Galicia-Norte de Portugal

Xoves, 05 Novembro 2015 09:44



O **VII EMAX** convértese, unha edición máis, nun espazo de aprendizaxe para compartir experiencias asociativas e amosar publicamente o traballo desenvolvido polas asociacións xuvenís e grupos informais de mozos e mozas en distintas áreas de actuación.

O **obxectivo** é o de crear un espazo de reflexión acerca da importancia da educación non formal, da participación e compromiso dos mozos e mozas, tanto a nivel individual como a través de grupos informais e asociacións, divulgando experiencias e estimulando o espírito de iniciativa dos participantes.

O **EMAX** porá a disposición de cada entidade xuvenil un espazo para a exposición de ideas, actividades e proxectos, con zona de stands dos diferentes colectivos participantes.

Destinatarios: Asociacións Xuvenís e entidades prestadoras de servizos á xuventude, entidades de voluntariado, mozos e mozas membros de grupos informais, emprendedores, técnicos de xuventude, informadores xuvenís, educadores, mediadores xuvenís e todos os mozos e mozas con espírito de iniciativa e persoas interesadas na materia.

Datas: 28 de novembro de 2015

Lugar de celebración: Auditorio Municipal. Concello de Padrón. A Coruña

Prazo e lugar de inscrición: a través do seguinte formulario, a partir de agora e até o **15 de novembro** inclusive.

Haberá transporte desde A Coruña, Vigo, Lugo, Ourense, Pontevedra e Compostela.

O programa provisorio colgarase en breve.

A directora xeral de Xuventude asiste á final de moda do certame 'Xuventude Crea' que prepara os mozos galegos para 'afrentar novos retos e responder ás oportunidades'

Venres, 06 Novembro 2015 08:45

A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, acompañada polo delegado territorial da Xunta en Vigo, Ignacio López-Chaves, asistiu hoxe nas tendas de *El Corte Inglés de Vigo* á **exposición das coleccións finalistas da especialidade de**

moda de Xuventude Crea, o certame da *Consellería de Política Social* que ten por finalidade establecer unha vía para que a mocidade poida manifestar o seu talento e creatividade. Cecilia Vázquez destacou a aposta do Goberno galego pola creatividade xuvenil “como fórmula para avanzar na capacidade e habilidade para afrontar novos retos e responder ás oportunidades”, ao tempo que asegurou estar convencida de que “os mozos e mozas galegos teñen unha inmensa capacidade para chegar a solucións innovadoras a través da súa creatividade”.

O fallo do xurado, coñecido hoxe no transcurso do acto celebrado en Vigo, determinou que o **1º premio** fora para a colección ‘**Jane Rocks**’ de **Irene Muíños Pereira**; o **2º premio** para ‘**Militante vanguardista**’ de **Yolanda Román Vázquez** e, por último, o **3º premio** para ‘**#Tags for life**’ de **Iria Carrera Chapela**.

As cinco coleccións finalistas na categoría de moda estiveron compostas por cinco pezas cada unha delas confeccionadas por cinco mozas: ‘**Militante vanguardista**’ de **Yolanda Román Vázquez**, de Vigo; ‘**Jane Rocks**’ de **Irene Muíños Pereira**, de Mos; ‘**#Tags for life**’ de **Iria Carrera Chapela**, de Vigo; ‘**Gala, Galuska, Gradiva**’ de **Thalita Kummy Dumont Copero**, de Vigo; e ‘**Galaxia**’ de **Inés Rivera de la Vega**, da Coruña.

Na súa intervención, o delegado da Xunta en Vigo gabou as coleccións das finalistas e animou aos mozos e mozas a continuar participando neste tipo de certames que contan co apoio da Xunta de Galicia. “*Vemos que hai xente xoven que presenta novos proxectos e dende a Administración imos a apoiar sempre a creatividade e o talento*”, declarou López-Chaves.

O **certame ‘Xuventude Crea’** convoca cada ano concursos en once especialidades: teatro, música, artes plásticas, fotografía, deseño de xoias, banda deseñada, relato breve, poesía, moda, videocreación e graffiti. Na edición de **2015 de Xuventude Crea** presentáronse un total de 228 proxectos individuais e en grupo. Participaron máis de 300 mozos e mozas galegos ou en residentes en Galicia, non profesionais e con idades comprendidas entre os 16 e os 30 anos.

Outras especialidades

Ao longo deste mes de novembro terán lugar as finais das especialidades de deseño de xoias, música, fotografía e artes plásticas que se sumarán ás xa decididas nas disciplinas de **poesía e graffiti**, así como as de teatro e moda que están en marcha. Deste xeito, o vindeiro xoves **12 de novembro** terá lugar a actuación en directo dos grupos finalistas de música; a *Fundación Eugenio Granell en Santiago* acollerá a exposición das coleccións finalistas da especialidade de deseño e xoias; e, por último, a *Igrexa da Universidade de Santiago de Compostela* acollerá a mostra dos traballos finalistas de artes plásticas (pintura e escultura) e fotografía. O acto final de entrega de premios das 11 especialidades terá lugar o próximo **3 de decembro**.

No que atinxe á **modalidade teatral**, na xornada de hoxe actúa **Trasluz Teatro** de Salvaterra do Miño coa obra ‘**A tres niveis**’; e **Non si? Teatro de Baiona** porá en escena ‘**Variacións dun soño sen título**’. Tras as funcións de **Caruncho Teatro** da Coruña, coa obra ‘**Canabacho do Pierrock**’; e **Pinchacarneiro Teatro**, de Noia, con ‘**Vilar de inferno**’; esta fase final pecharase mañá venres coa obra ‘**Vodas de sangue**’ a cargo de **Fusco e Lusco Teatro**, do IES Universidade Laboral de Ourense; e ‘**Mousike e as kronomusas**’, de **Vacaloura teátrica** do Rosal.

En **poesía**, o **primeiro premio** foi compartido entre **Brais Lamela Gómez**, (Vilalba), coa obra ‘**Memorias dun cuarto afincado en Nevermore**’ e **Mónica Sánchez Rodríguez** (Monforte de Lemos) polo poemario ‘**O sosego do lodo**’. O **segundo premio**, tamén compartido,

recaeu en **Andrea Aris Couso** (Vigo) pola obra ‘**3/cuartos de fame**’ e en **Sonia Martínez López** (Sarria) por ‘**Interaccións fundamentais**’. E o **terceiro** compartido foi para **Fabián Freijedo Fariñas** (O Carballiño) con ‘**00023-KZ Arquivo Chus Psiquiatría**’ e para **Celia Parra Díaz** (Ourense) pola obra ‘**Profundidade de tacto**’.

En **graffiti**, o **primeiro premio** recaeu en **Ramón Conde-Corbal Varela** (Mon Devane) de Ourense, co proxecto ‘**Festa neón**’; o **segundo premio** en **Tirso Paz Sans** (Buble gum) de Lugo coa obra ‘**Mirada melosa**’ e o **terceiro premio** foi compartido entre: **Marcos Lamas Bestilleiro** (Silcoe) da Coruña por ‘**O rostro do querer**’ e **Abraham Caride Fernández** (O neto do Santos) de Ourense con ‘**Enxebre**’.



EN PORTADA NOVAS E ACTIVIDADES

Xuventude.Novas entrevista á viguesa Leticia Costas, Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil

Martes, 03 Novembro 2015 12:08



Xuventude.Novas, a revista interactiva da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, ofrece na súa nova edición unha entrevista con **Leticia Costas**. A escritora viguesa acaba de recibir o **Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil** por ‘**Escarlatina. A cociñeira defunta**’, unha obra na que destaca o uso do humor macabro para desmitificar a morte entre os máis novos. Costas defende a boa saúde da literatura xuvenil galega e destaca a constante irrupción de novos talentos neste eido.

Este número dedica tamén un espazo relevante a dous novos proxectos apoiados polo programa **Iniciativa Xove**. Un é o que desenvolveu na Coruña o **Colectivo Xerión**, un grupo de estudantes da escola *Pablo Picasso*. Consistiu nunha exposición de escultura que complementaron cunha serie

de actividades abertas á participación do público para reivindicar o valor das esculturas como pezas únicas, fronte á uniformidade e a falta de personalidade das producións industriais. O outro proxecto é o impulsado por Down Galicia, baixo o nome de ‘**O meu mundo en fotos**’. Os integrantes e beneficiarios desta entidade recibiron clases de iniciación á fotografía e tiraron imaxes da súa contorna. A partir delas, prepararon unha selección e elaboraron un álbum colectivo, que tamén tivo forma de exposición.

Con vistas ás vindeiras semanas, **Xuventude.Novas** reserva unha páxina para ofrecer unha guía básica para preparar un magosto. Son consellos elementais, pero que nunca está de máis esquecer nos labores de organización das festas máis tradicionais do mes de novembro. Nesta liña, dá indicacións dos factores que hai que ter en conta á hora de facer acopio de castañas, os coidados e precaucións para preparar o lume, as opcións loxísticas para asar as castañas, e que outros alimentos non deben faltar na celebración.

Esta edición complétase cunha reportaxe sobre a capacidade do proxecto europeo ‘**Emprende**’ para impulsar proxectos empresariais de xente nova de Galicia e do norte de Portugal, e outra con exemplos do programa ‘**Deseñando o teu futuro**’, que lle serve ao alum-


nado de 14 a 18 anos para tomar contacto con centros de traballo e ter así novos criterios para orientar a súa formación e o seu futuro profesional.

XUVENTUDE.NOVAS

Nota: para unha correcta visualización en determinados navegadores de internet, recomendamos descargar o arquivo pdf en vez de abri-lo noutra pestana.

Actividades de divulgación "Arredor das Illas Atlánticas"

Xoves, 05 Novembro 2015 10:32



O **Centro de Visitantes do Parque Nacional** marítimo das *Illas Atlánticas de Galicia* organiza as actividades de divulgación "**Arredor das Illas Atlánticas**".

Datas:

do 16 ao 22 de novembro: A noite: *Vida nocturna e estrelas*

Xoves 19, ás 19:00. *Unha ventá aberta ao Universo* (charla - obradoiro)

Venres 20 ás 19:00. Cine en Verde: "*La historia del Universo. Estrellas*".

Sábado 21 ás 11:30. Actividade infantil: *trebellos astronómicos*.

do 23 ao 29 de novembro: *Achegamento á evolución das Illas do Parque*.

Xoves 26, ás 19:00 h: Charla sobre *xeoloxía nas illas*.

Venres 27, ás 19 h. Cine en Verde: "*Furnas del PNMTIAG. 1200 m de galerías en las entrañas del Parque*." (2012). 36 min. José Higinio Diz. Espeleo Club Aradelas.

Sábado 28, ás 11:30 h: Xogos sobre *xeoloxía: Xeopasa*. (Actividade infantil)

Realizaranse actividades para asociacións veciñais, culturais, atendendo á diversidade funcional.

Horario do Centro de Visitantes:

Luns a sábado: 10 a 14 h e 16 a 20 h.

Domingos e festivos: 11 a 14 h.

Visita guiada á exposición permanente

Mércores ás 19:00 e domingos ás 12:00.

15 persoas max. Inscripción por orde de chegada.

Rutas guiadas para familias nas Illas

<http://www.reservasparquesnacionales.es/>

Contacto

Edificio Cambón
Sede do PNMTIAG e centro de visitantes.
Rúa Palma, 4. Vigo. Teléfono 886 218 082
illas.atlanticas@teixugo.com
<http://www.parquenacionalillasatlanticas.com/>

Xornadas de escalada

Xoves, 05 Novembro 2015 11:01



Atlantis Adventure, é un establecedemnto adherido ao programa carné xove.

Oferta unha campaña, aberta ata o **26 de febreiro de 2016**, de escalada nunha das mellores zonas da Costa da Morte "**O Olimpo Celta**" Monte O Pindo.

Os prezos/praza da actividade son:

- **Bautismo:** 45€ - 4 horas
- **Iniciación:**
 - ½ xornada: 50€
 - 8 horas: 90€
 - 16 horas: 170€.

Aos usuarios do *carné xove* ofreceselles un *desconto do 15%*.

Amplía a información na súa páxina web: www.atlantisaventura.com

Actividades Garantía Xuvenil (9-15 Novembro)

Venres, 06 Novembro 2015 11:09

PLAN DE GARANTÍA GARANTÍA XUVENIL

Actividades previstas semana do 9 ao 15 de novembro

AULA MÓVIL

9 Teo (Travesía de Montouto)

10 O Grove (Praza do Corgo)

12 e 12 Redondela (Ao carón do Concello)

13, 14 e 15 Vilagarcía (ao lado do auditorio-pte confirmación ubicación)

CHARLAS INFORMATIVAS

Día 9

10:00 h. Aula Cemit Ferrol

12:00 h. Aula Cemit Narón

Día 10

10:00 Aula Cemit Poio

12:00 Aula Cemit Pontevedra

Día 11

10:00 h. Aula Cemit Tui

12:00 h. Aula Cemit Porriño

Día 12

10:00 h. Aula Cemit Sarria

12:00 h. Casa da Cultura de Villalba

Día 13

10:00 h. Aula Cemit Vimianzo

12:00 h. Aula Cemit Fisterra

MÁIS INFORMACIÓN: 881 99 57 00 <http://garantiaxuvenil.xunta.es>

NOVAS FORMACION

OUTROS CURSOS

II Curso de Iniciación ao Running e Técnica de Carreira

Mercores, 04 Novembro 2015 08:43



A *Fundación USC Deportiva*, xunto co *Servizo de Deportes da USC*, convoca o **II Curso de Iniciación ao Running e Técnica de Carreira** que terá lugar en Santiago os vindeiros **meses de novembro e decembro**.

O curso divídese nun bloque teórico (23, 25 e 27 de novembro) e outro práctico (1, 3, 10 e 15 de decembro), de 6 horas de duración cada un.

Prezo: ten un custo de 90 € e unha duración total de 12 horas. Hai 20 prazas que se irán cubrindo por rigorosa orde de inscrición.

O curso estará impartido por *Xavier Castro Gacio* e *Xiana Guerra Arias*, ambos licenciados en *Ciencias da Actividade Física e o Deporte* e especializados no adestramento deportivo e no atletismo.

Lugar:

Bloque teórico: Biblioteca Concepción Arenal (Rúa dos Feáns, s/n; Santiago de Compostela)

Bloque práctico: Estadio de atletismo da USC (Avda. Novoa Santos, s/n; Santiago de Compostela)

Os alumnos e alumnas participantes neste curso adquirirán coñecementos sobre o adestramento e a adecuada práctica deportiva dos corredores orientado ás carreiras populares de entre 5 e 12 km e a súa preparación, así como métodos de adestramento, técnicas de carreira e estiramientos.

Máis información:

[http://fundacionuscdeportiva.org/index.php?id=69&tx_ttnews\[tt_news\]=1148&cHash=703bef910b40109cbbbd45ac64cbeff5](http://fundacionuscdeportiva.org/index.php?id=69&tx_ttnews[tt_news]=1148&cHash=703bef910b40109cbbbd45ac64cbeff5)

Cursos monográficos no Centro Xuvenil Don Bosco

Mercores, 04 Novembro 2015 12:00

O **Centro Xuvenil Don Bosco** organiza os seguintes **cursos monográficos:**



Obradoiro de fimo para adultos

Duración: 3 horas
Data: 14 de novembro de 2015
Horario: de 10:00 a 14:00
Impartido por: Leonor Díaz González
Prezo: 30€

Iniciación ao Coaching educativo

Duración : 10 horas
Datas: 20 e 27 de novembro de 2015
Horario: de 16:00 a 21:00
Impartido por: Claudia Fernández Fernández
Prezo: 25€

Comenzando co deficit de atención

Duración: 10 horas
Datas e horarios: 13 de novembro de 2015 de 16:00 a 21:00 e 14 de novembro de 2015 de 9:00 a 14:00
Impartido por: Claudia Fernández Fernández
Prezo: 25€

Comedor escolar

Duración: 20 horas
Datas: 21 e 22 de novembro de 2015
Horario: de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 21:00
Impartido por: Carmen González Pais
Prezo: 40€

Liderazgo

Duración: 5 horas
Data: 12 de novembro de 2015
Horario: de 16:00 a 21:00
Impartido por: Claudia Fernández Fernández
Prezo: 18€

Recursos para preservar os dereitos da infancia

Duración: 4 horas
Data: 28 de novembro de 2015
Horario: de 10:00 a 14:00
Impartido por: Ánxela Álvarez Naya
Prezo: 15€

Máis información en <http://www.cxdonbosco.org/index.php/menu-escola/monograficos/111-cursos-monograficos-novembro-2015>

ETL Don Bosco
 Rúa Belvís 2
 15703 Santiago de Compostela.
 Teléfono 981 582 243

Cursos monográficos da Escola de tempo libre Campa

Venres, 06 Novembro 2015 07:29



RECICLATE !! PREPARA TUS CAMPAMENTOS Y ACTIVIDADES PARA ESTAS NAVIDADES.

aprende coreografías para trabajar con niños

World dance course

DURACION: 12 horas
FECHAS: Sábados de 09 a 13 horas. 21 y 28 de Noviembre y 5 de Diciembre
METODOLOGIA: curso totalmente en inglés en donde aprenderemos bailes de otros países.
INVERSION: 35 €

DURACION: 12 horas
FECHAS: De lunes a jueves de 10 a 12.00 h. Del 23-11 al 02-12
METODOLOGIA: curso totalmente práctico en donde se aprenderán coreografías y pasos para poder trabajar con tus grupos.
INVERSION: 35 €

+ info: info@etlcampa.net
 981 214 444

XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

etl Campa
 escuela tiempo libre

NOVAS FORMACION

CURSOS DE TEMPO LIBRE

Curso de Director/a de actividades de tempo libre en Lugo

Mercores, 04 Novembro 2015 11:34



A **Escola Rural de tempo libre** organiza un curso de **Director/a de actividades de tempo libre**.

Lugar: Centro LUG2. Pintor Corredoira 4. Lugo (www.lugdous.com)

Horario: 9:00 a 14:00 - 16:00 a 21:00

Duración: 150 horas

Participantes: entre 20 e 25

Reserva de praza: por rigorosa orde de inscrición. Posibilidade de pagamento en dous prazos.

Aloxamento de balde no **Albergue Xuvenil LUG2** (previa solicitude)

Datas:

decembro: 19, 20, 26, 27.

xaneiro: 23, 24.

febreiro: 13, 14, 27, 28.

marzo: 5, 6, 19, 20, 21.

Requisitos: ser maior de idade, ter o título de MTL, bacharel como mínimo e 250 horas de experiencia contrastada como Monitor de Tempo Libre.

Máis información na Escola Rural de tempo libre, teléfono 982 804 149, en horario de oficina ou <http://www.escolaruraldetempolibre.org/> escolaruralttempolibre@gmail.com

BOLSAS E AXUDAS

FORMACION PRACTICA

Cursos gratuitos Escola Secot de Emprendedores

Martes, 03 Novembro 2015 10:32

Estos cursos contarán con formación específica en xestión, marketing, finanzas e seminarios sobre cómo elaborar unha empresa. Teñen unha duración de 328 horas en total, e teñen o respaldado do *Concello e a Comunidade de Madrid*, e a *Fundación Rafael del Pino*.

O **prazo** de inscrición remata **10 días** antes do inicio de cada curso.

Máis información: www.escolasecotemprendedores.org.

Bolsas no Instituto Nacional de Estadística

Mercores, 04 Novembro 2015 09:46



O **Instituto Nacional de Estadística** convoca **15 bolsas** coa finalidade de fomentar e promover a investigación estatística, así como o desenvolvemento e implantación de procesos estatísticos, mediante a formación de postgraduados.

O período de disfrute de cada unha das bolsas será dun máximo de **12 meses**, acabando o **30 de xuño de 2016**.


Requisitos dos solicitantes: título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto, ou de Grao, que deberá terse obtido durante os últimos tres anos anteriores á data da convocatoria das bolsas.

Prazo: 21 de novembro de 2015

Mais información: BOE do 4 de novembro de 2015. www.ine.es

Bolsa de conservación e restauración do patrimonio da Deputación da Coruña

Mercores, 04 Novembro 2015 10:33



A Deputación da Coruña fai unha selección de titulados e tituladas superiores en **Conservación e Restauración de Bens Culturais** para a realización de prácticas.

O número de persoas tituladas que se van seleccionar é de tres.

Seleccionarase un/ha bolseiro/a por cada unha das seguintes especialidades:

A) Arqueoloxía: unha bolsa

B) Pintura: unha bolsa

C) Escultura: unha bolsa

Dentro de cada especialidade confeccionarase unha listaxe

Requisitos:

- título superior en Conservación e Restauración de Bens Culturais ou o Título de Conservación e Restauración de Bens Culturais na Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia, en calquera das súas especialidades (Arqueoloxía, Pintura, Escultura)

- con bolsa de conservación e restauración do patrimonio.

O **prazo** para presentar documentación estará aberto ata o día **19 de novembro de 2015**.

A duración da bolsa será de **12 meses**, contados desde o **1 de decembro de 2015**.

Máis información no BOP da Coruña do 4 de novembro de 2015 e en www.dicoruna.es/cultura/bolsas

Bolsas no Parlamento de Galicia

Luns, 09 Novembro 2015 12:03



O **Parlamento de Galicia** convoca as seguintes bolsas:

- 3 bolsas de formación en arquivo, biblioteca e documentación.
- 1 bolsa de formación en comunicación institucional.
- 2 bolsas de formación en publicacións.
- 1 bolsa de formación en informática.
- 1 bolsa de formación en xestión parlamentaria

Requisitos:

- 1)** Bolsas de arquivo, biblioteca e documentación: grao ou licenciatura universitaria en Documentación, grao en Información e Documentación ou diplomatura en Biblioteconomía e Documentación.
- 2)** Bolsa de comunicación institucional: grao ou licenciatura universitaria en Xornalismo, Publicidade e Relacións Públicas ou Comunicación Audiovisual.
- 3)** Bolsas de publicacións: grao ou licenciatura universitaria en Tradución e Interpretación, na que a lingua de orixe principal da súa combinación lingüística (1ª lingua ou lingua A1) sexa a lingua galega, ou licenciatura en Filoloxía Galega.
- 4)** Bolsa de informática: grao ou licenciatura ou diplomatura universitaria en Informática.
- 5)** Bolsa de xestión parlamentaria: grao ou licenciatura en Dereito ou Ciencias Políticas e da Administración.

Acreditar un coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento ou **Celga 4**.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **24 de novembro de 2015**.

Máis información no DOG do 9 de novembro de 2015 e en <http://www.parlamento.gal/sitios/web/BibliotecaBoletinsOficiais/B90548.pdf>

PREMIOS E CONCURSOS

PREMIOS E CONCURSOS

XXI Edición do Certame Literario Manuel-Oreste Rodríguez López

Luns, 09 Novembro 2015 07:13



O Concello de Paradelas, co afán de potenciar a creación literaria, convoca a **XXI Edición do Certame Literario Manuel-Oreste Rodríguez López**. Modalidade: narrativa e poesía.

Participantes.

Poderán concorrer anualmente ao **Certame Literario Manuel-Oreste Rodríguez López**, todos os autores que o desexen, calquera que sexa a súa nacionalidade, admitíndose una soa obra por categoría e autor.

Requisitos das obras.

Os relatos terán unha extensión máxima de vinte folios, sen mínimo. As obras de poesía terán unha extensión máxima de 100 versos.

En ambos casos, mecanografiadas (ou a ordenador) e a dobre espazo.

Deberán ser orixinais, inéditos, non premiados en calquera outro tipo de concurso e estar escritos en galego ou en castelán, debendo estar rematadas con carácter previo á convocatoria.

Presentación das obras.

O **prazo** de entrega dos relatos e da obra poética rematará o **30 de novembro de 2015**.

As obras enviaranse por sextuplicado exemplar, sen sinatura e cun lema, ao seguinte enderezo:

Concello de Paradela
Certame literario (Modalidade Poesía/Narrativa)
Rúa Cabaleiros de Santiago, nº 15
27611 Paradela-Lugo

En sobre aparte e pechado, constará o lema que distinga o traballo, e no interior o nome e apelidos do autor/a, domicilio, teléfono, poboación de residencia, declaración formal de que a obra é axustada ás normas contidas na base segunda. Abriranse soamente os sobres dos traballos premiados.

No caso de que as obras se remitan mediante correo electrónico, á conta concello.paradela@eidolocal.es, deberán enviarse no mesmo correo electrónico, dous arquivos en formato PDF, un co contido da obra e outro onde constará o lema que distinga o traballo, no que conterá, no seu interior, o nome e apelidos do autor/a, domicilio, teléfono, poboación de residencia, e declaración formal de que a obra é axustada ás normas contidas na base segunda.

Os **arquivos PDF** referenciaranse do seguinte xeito:

Datos persoais ou plica.

Título da obra.

Este segundo arquivo será custodiado pola Secretaría do Concello, entregando unicamente ao Xurado a obra e o lema da mesma.

No caso de participación en ambos apartados; deberase concursar en cada modalidade por separado, utilizando un lema propio en cada caso e presentando a obra por separado.

Premios.

Establécese un Premio de seiscentos euros (600,00 €) para a obra que resulte seleccionada polo Xurado dentro do apartado de poesía e outro de seiscentos euros (600,00 €) para a obra que resulte seleccionada polo Xurado dentro do apartado de narrativa.

O xurado reservase a facultade de conceder dous accesits (carentes de dotación económica), en cada categoría, asemade poderá conceder ata tres mencións de honra como máximo (carentes de dotación económica) en cada categoría.

O autor ou autores premiados convocaranse ao acto de entrega de premios, o día que estableza o xurado.

Fallo do Xurado.

O Xurado designado polo *Concello de Paradela* emitirá o seu fallo no mes de maio de 2016 e farase público polos medios de comunicación e na paxina do web do concello <http://www.paradela.es/> e <http://www.concelloparadela.es/>; comunicándose persoalmente aos gañadores.

Dereitos sobre as obras presentadas.

O *Concello de Paradela* resérvase, en exclusiva, o dereito de edición das obras premiadas, accésits e mencións de honra durante o prazo máximo de doce meses, contados dende o momento do fallo.

Os autores que resulten galardonados cos premios, accésits e mencións de honra non poderán solicitar unha vez producido o fallo que non se publique a obra ao non haber obtido dotación económica e haber concurrido a outros certames.

As obras non premiadas, así como as súas correspondentes plicas, non serán devoltas, sendo destruídas despois da proclamación de gañadores do **certame literario Manuel Oreste Rodríguez López- XXI Edición**.

Máis información en <http://www.paradela.es/> e na **OMIX de Paradela**, teléfono 982 541 101.

PREMIOS E CONCURSOS


EXPOSICIONS, CERTAMES E CONCERTOS

Concurso Nacional «Unha Constitución para todos»

Mercores, 04 Novembro 2015 09:25

O **Ministerio de Educación** convoca o **Concurso Nacional «Unha Constitución para todos»**

Esta convocatoria está dirixida aos centros docentes que imparten ensinos non universitarios do sistema educativo español.



Modalidades:

Modalidade A: 1º a 3º de Educación Primaria.

Modalidade B: 4º a 6º de Educación Primaria.

Modalidade C: Educación Secundaria Obrigatoria.

Convócanse dous premios por modalidade, que consistirán na entrega dun diploma acreditativo do coñecemento e significado da Constitución.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **19 de novembro de 2015**.

Máis información no BOE do 4 de novembro de 2015 e en www.educacion.es

NOVAS DE EMPREGO

EMPREGO PUBLICO

Persoal docente para a Escola Naval Militar de Marín

Mercores, 04 Novembro 2015 09:16

O **Centro Universitario da Defensa da Escola Naval Militar de Marín** necesita contratar persoal docente na categoría de **Axudante doutor**.

O **prazo** de presentación de solicitudes estará aberto ata o **14 de novembro de 2015**.

Máis información no DOG do 4 de novembro e en http://cud.uvigo.es/index.php?option=com_content&view=article&id=1084&Itemid=54

Xuíz de paz substituto de Laxe

Mercores, 04 Novembro 2015 10:21

O **Concello de Laxe** convoca a **praza de xuíz de paz substituto**.

Os **requisitos** para acceder á praza son ser español, maior de idade, non atoparse impedido física nin psiquicamente para o desenvolvemento da función xudicial, estar en posesión dos dereitos civís, non ter sido condenados por delito mentres non se obtivera a rehabilitación, nin procesado ou inculcado por delito doloso en tanto non sexa absolto ou se dite auto de sobresemento.

Non se esixe, nin para titular nin para substituto, a licenciatura en Dereito nin coñecementos xurídicos específicos.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **21 de novembro de 2015**.

Máis información no BOP da Coruña do 4 de novembro de 2015 e na **OMIX de Laxe**, teléfono 981 706 965.

Bolsa de emprego en Alfoz

Mercores, 04 Novembro 2015 10:51

O **Concello de Alfoz** elabora unha bolsa de emprego para os postos de **Auxiliar de Axuda no Fogar e Operario/a de Obras e Servizos Múltiples**. **Requisitos específicos dos/as aspirantes a auxiliares de axuda no fogar:** título de formación profesional de grao medio de atención socio sanitaria.

Requisitos específicos dos/as aspirantes a operarios/as de Obras e Servizos Múltiples: título de Prevención de Riscos Laborais de nivel Básico.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **12 de novembro de 2015**.

Máis información no BOP da Coruña do 4 de novembro de 2015 e na **OMIX de Alfoz**, teléfono 982 571 271.

Convocadas 14 prazas da Escala de Investigadores Científicos

Xoves, 05 Novembro 2015 09:59

O **Ministerio de Economía e Competitividade**, convoca estas prazas polo sistema de concurso.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a partir da publicación no BOE.

Máis información BOE do 4 de novembro de 2015. www.boe.es

Persoal docente e investigador contratado para a Universidade da Coruña

Venres, 06 Novembro 2015 07:45

A **Universidade da Coruña** convoca a concurso público prazas de **persoal docente e investigador** contratado para o curso académico 2015/16:

Profesor contratado interino de substitución: 2 prazas.

Profesor asociado: 1 praza.

Profesor asociado tipo I: 1 praza.

Profesor axudante doutor: 3 prazas.

Profesor contratado doutor: 1 praza.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **18 de novembro de 2015**.

Máis información no DOG do 6 de novembro de 2015 e en http://www.udc.es/pdi/concursos/concursos_contratacion/

Técnico/a de orientación laboral en Betanzos

Venres, 06 Novembro 2015 08:14

O **Concello de Betanzos** necesita contratar **un/ha técnico/a de orientación laboral**.

Requisitos: título de diplomatura universitaria, grao universitario ou superior.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **12 de novembro de 2015**.

Máis información no BOP da Coruña do 6 de novembro de 2015 e na **OMIX de Betanzos**, teléfono 981 771 300.

Persoal para o Concello de Viveiro

Venres, 06 Novembro 2015 08:38

O **Concello de Viveiro** necesita contratar o seguinte persoal:

- 1 Técnico/a de Xestión.
- 2 Operarios de Mantemento.
- 2 Monitores de Sala-Socorrista.
- 1 Socorrista.
- 2 Monitor/a Deportivo.
- 3 Auxiliares de Recepción.
- 2 Operario/a de Limpeza I.
- 1 Operario de protección civil.
- 1 Peón do servizo de obras.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **16 de novembro de 2015**.

Máis información no BOP de Lugo do 6 de novembro de 2015 e en <http://www.viveiro.es/ampliar.asp?id=140>

NOVAS DE EMPREGO

EMPREGO PRIVADO

Auxiliar de enfermería para residencias en United Kingdom

Xoves, 05 Novembro 2015 08:05

A **Empresa Roche Healthcare Ltd**, ubicada no Norte e Oeste de Yorkshire (UK) necesita incorporar auxiliares de enfermería para as súas residencias.

Se require: ser técnico en cuidados auxiliares de enfermería/técnico en atención sociosanitaria/técnico en atención a persoas en situación de dependencia.

Nivel de inglés B1 (avaliación en entrevista persoal).

Experiencia dun ano en atención a persoas maiores.

Salario de 6, 70 libras hora. Turno mañás/noites, 12 hrs. o día. 3 días por semana (34.5 hrs. semanais).

Contrato permanente-indefinido.

Entrevistas Skype.

Enviar CV a cristina@rochehealthcare.com

Enfermeros/as para residencias en United Kingdom

Xoves, 05 Novembro 2015 08:10

A **Empresa Roche Healthcare Ltd**, ubicada no Norte e Oeste de Yorkshire (UK) necesita incorporar enfermeros para as súas residencias. Nivel de inglés B1 (avaliación en entrevista persoal).

Experiencia en atención a persoas maiores.

Salario de 12,50 libras hora. Turno mañás/noites, 12 hrs. o día. 3 días por semana (34.5 hrs. semanais).

Contrato permanente-indefinido. Entrevistas Skype. Enviar CV a cristina@rochehealthcare.com

Ofertas Servizo Público de Emprego 06/11/2015

Venres, 06 Novembro 2015 07:12

Camareiros/as, en xeral

- Localidade: Lugo
- Nº oferta: 12/2015/12315
- Data: 06/11/2015
- Requisitos: necesítase axudante de camareiro/a con experiencia. Necesario curso de manipulador de alimentos.

Pasteleiros/as

- Localidade: Bergondo (A Coruña)
- Nº oferta: 12/2015/12502
- Data: 06/11/2015
- Requisitos: precisase cubrir postos de pasteleiro/a para empresa de Bergondo.

Dependentes de comercio, en xeral

- Localidade: Bergondo (A Coruña)
- Nº oferta: 12/2015/12504
- Data: 06/11/2015

- Requisitos: precisanse dependentes para posto de traballo en Bergondo.

Condutores de furgoneta, ata 3,5 Tn.

- Localidade: Bergondo (A Coruña)
- Nº oferta: 12/2015/12505
- Data: 06/11/2015
- Requisitos: precisanse condutores/repartidores para empresa de Bergondo (A Coruña).

Máis información no 012 e en <http://emprego.xunta.es/cmspro/contido/botones/ofertasEmpleo/>

NOVAS DAS CASAS DE XUVENTUDE E OMIX

CASAS DA XUVENTUDE

O ESPAZO XOVE DE BETANZOS SÚMASE Á CAMPAÑA 'TAPONES PARA UNA NUEVA VIDA'

Mercres, 07 Novembro 2012 19:07

O ESPAZO XOVE DE BETANZOS SÚMASE Á CAMPAÑA "TAPONES PARA UNA NUEVA VIDA"

O **Espazo Xove de Betanzos**, dependente da *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Xunta de Galicia*, súmase á iniciativa do **Proxecto "Tapones para una nueva vida"**, nas súas dependencias da Rúa Valdoncel, Nº 7, recollendo todos aqueles tapóns de plástico que habitualmente tiramos ao lixo.. Estes tapóns de plástico poden ser de cualquier tipo: bebidas, deterxentes, condimentos.....

Os principais **obxetivos** da campaña son:

- Axudar a nenos sen recursos a acceder a un tratamento médico e/ou aparatos ortopédicos non regulados no sistema sanitario, co fin de mellorar a súa calidade de vida.
- Concienciar a toda a sociedade mediante a súa participación da facilidade que conleva o reciclaxe sinxelo. Realizando un simple xesto de gardar tapóns de plástico en lugar de levalos indiscriminadamente ao lixo.

Todas as persoas interesadas en colaborar poden depositar os tapóns no **Espazo Xove de Betanzos** en horario de tarde.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de
Xuventude e Voluntariado



xuventude.net